

INSCRIPCIÓN


Nome do alumno/a:

Curso:

Conservatorio de estudo:

Número de sesións:

Duración de cada sesión (30 ou 60 min):



CMUS OURENSE

AVENIDA PABLO IGLESIAS S/N

32004 OURENSE

Tel: 988 391 047

Email: cmus.ourense@edu.xunta.gal

*Pórtico
do Paraíso*



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA, EDUCACIÓN
E UNIVERSIDADE



CURSO DE
INTERPRETACIÓN
ALEX ALGUACIL

ALEX ALGUACIL

Tras cursar estudos no Conservatorio Superior Municipal de Música de Barcelona, completou a súa formación na Manhattan School of Music de Nova York e, posteriormente, de maneira privada con Alicia de Larrocha, con quen profundou no repertorio de música española.

Dende entón, actuou amplamente nos Estados Unidos, en salas de prestixio como o Carnegie Hall ou o Merkin Hall do Lincoln Center de Nova York, e colaborou con orquestras como a Bergen Philharmonic Orchestra ou a Vancouver Symphony Orchestra. No seu debut no Carnegie Hall, a crítica estadounidense definiuno como un “artista expresivo, de musicalidade innata e gran madurez” (New York Concert Review). A súa traxectoria internacional levouno tamén a algúns dos escenarios máis destacados de Europa e Xapón. En España, é convidado con frecuencia para participar como solista e en recitais nalgúns dos festivais máis relevantes, como o Festival de Torroella de Montgrí, o Outono Musical Soriano, o Festival Internacional de Cambrils ou o Estío Musical Burgalés.

A crítica nacional describiuno como un “pianista brillante” (El País) e como un “músico intelixente, cunha madeira de calidade” (La Vanguardia). Colaborou con orquestras como a Orquestra Sinfónica de Castela e León ou a Orquestra Sinfónica do Vallès, coa que debutou no Palau de la Música Catalana no ano 2003. En 2006, foi convidado a ofrecer o primeiro recital de piano na nova Sala Oriol Martorell do Auditorio de Barcelona e, en maio do ano seguinte, debutou coa Orquestra Sinfónica de Barcelona e Nacional de Cataluña nun dos concertos da súa tempada.

Entre os seus traballos discográficos destaca The Complete Piano Works of Salvador Brotons, gravado en Nova York e editado por Columna Música. Este álbum foi recibido pola crítica especializada como “un verdadeiro descubrimento para aqueles que amen a música chea de espírito e verdade” – Andrés Ruiz Tarazona.



DETALLE DO CURSO

LUGAR: CMUS OURENSE

DATAS: 13 E 15 DE MAIO DE 2026

HORARIO: O horario poderá seleccionarse contactando coa Secretaría do CMUS. A organización resérvase o dereito de introducir modificacións se fose necesario.

OBXECTIVOS DO CURSO

- Afondar nos fundamentos da interpretación pianística.
- Construír unha imaxe musical e estética propia.
- Coñecer estilos e convencións segundo épocas e autores.
- Adquirir método de estudo e formación técnico-mecánica.

CONCERTO ESPECIAL

O pianista Alex Alguacil ofrecerá un concerto o día 14 de maio de 2025 que terá lugar no Liceo de Ourense, enmarcado dentro do XIX Festival Internacional de Música Pórtico do Paraíso. Os participantes activos do curso poderán acceder ao evento de forma gratuíta como recoñecemento á súa implicación.

DEREITOS DO MATRÍCULA

- Alumnado do centro:
Clase individual 32,5€ (30 min) ou 65€ (60 min)
- Alumnado alleo ao centro: 37,5€ (30 min) ou 75€ (60min)
- Alumnado oínte: Gratuito

PROCEDEMENTO DE INSCRIPCIÓN

- As inscricións abonaranse en **ABANCA, IBAN ES65 2080 5260 7031 1007 1809**

O boletín de inscrición e xustificante de pago remitirase á Secretaría do Centro. O prazo de Matrícula remata o 25 de de marzo.

A todo o alumnado participante no curso entregaráselle, ao remate do mesmo, un diploma acreditativo de asistencia.

O número de participantes activos será limitado, sendo a organización a que limite as novas incricións así como os horarios.